

***OS CRUCEIROS DA TERRA CHÁ. ALGUNHAS TIPOLOXÍAS DOS CRUCEIROS DE GUITIRIZ.***

**AUTORES: FERNANDO ARRIBAS ARIAS.**

**JOSÉ MANUEL BLANCO PRADO.**

**REFERENCIAS ESENCIAIS:**

Libro ***CATÁLOGO DE CRUCEIROS DA TERRA CHÁ. CRUCEIROS DE XERMADE.*** Sada (A Coruña): Ed. do Castro, 2000. Autoría.: **FERNANDO ARRIBAS ARIAS E JOSÉ MANUEL BLANCO PRADO.**

- ARRIBAS ARIAS, Fernando e BLANCO PRADO, José Manuel. “Algunhas tipoloxías dos cruceiros de Guitiriz”, en ***Os Canteiros.*** Actas das xornadas celebradas en Parga (Guitiriz), 2000, páxs. 31-41.

## ***I. INTRODUCCIÓN.***

No eido etnográfico, un dos aspectos que máis chama a atención da comarca da Terra Cha e o seu elevado número de cruceiros. Estes presentan unha peculiar tipoloxía, pois boa parte deles son obra de dinastías de canteiros, como a dos Carboeira.

O perigo de destrución ou desaparición que afecta a estas construcións aumentou considerablemente nos últimos tempos: apertura e ensanche de pistas, camiños e estradas; roubos, etc. A este factores hai que engadirllas os producidos polo paso inexorable do tempo. Isto motivou que en 1993, gracias a unha axuda da Consellería de Cultura para traballos de investigación etnográfica, iniciásemos o proxecto de catalogación dos cruceiros da Terra Cha, ó que denominamos "**Proxecto Carboeira**", por ser esta unha das familias de canteiros máis coñecida da comarca chairega.

Neste traballo pretendemos facer unha análise dunha serie de tipoloxías que afectan ós corenta e nove exemplares, tres deles calvarios, catalogados neste concello.

Na relación, soamente incluímos aqueles cruceiros que se atopan en lugares públicos, independentemente da súa titularidade. Consideramos tamén públicos, por estar ligados ó culto ou devoción, os situados no interior dun templo, como, por exemplo, o **da capela do S. Alberte e o da igrexa de Mariz**.

Pola contra, excluímos aqueles cruceiros que se atopan dentro de propiedades privadas, porque a súa función é fundamentalmente decorativa. Deste criterio exceptuamos os situados en **Cercedo e Vilargabín** pola súa orixinalidade e certa proxección pública, e os de **Verulfe, Paderna e pazo de Casanova** pola súa tipoloxía, antigüidade ou valor artístico.

En base aos devanditos criterios de selección, mencionamos **as cruces de Vilar e de Bascuas**, pero non se inclúen as cruces de madeira ou cemento realizadas co gallo dunha Misión por non axustarse ás intencións deste catálogo.

Xunto á escasez bibliográfica, varias foron as dificultades que atopamos na realización

deste catálogo. En primeiro lugar, cómpre destacar o tamaño do Concello de Guitiriz- un dos meirandes da Terra Cha- e a dispersión xeográfica dos cruceiros, espallados por case tódalas parroquias. Problemática foi tamén a localización dos cruceiros, pois unha boa parte deles atópanse en lugares de difícil acceso e pouco transitados como, por exemplo, os de Fraguas e Rebordiños, situados na parroquia de Vilar.

## **II. ALGÚNS TRAZOS ECONÓMICOS, HISTÓRICOS E XEOGRÁFICOS SOBRE O CONCELLO DE GUITIRIZ.**

O concello de Guitiriz chamouse Transparga ata o ano 1945. Pertence á provincia de Lugo e ao partido xudicial de Vilalba. Está situado entre os 43° 6' e 43° 20' de latitude Norte e entre os 7° 41' e 7° 58' de lonxitude W., segundo o meridiano de Greenwich. Limita ao Norte cos concellos de Monfero (A Coruña) e Xermade (Lugo); ao Leste cos de Vilalba e Begonte; ao Sur co de Friol (Lugo); e ao W. cos de Aranga, Curtis e Sobrado (A Coruña) <sup>1</sup>. Trátase dun municipio que se estende polo sector occidental da altiplanicie da Terra Chá. A súa altitude oscila entre os 400 e 600 metros e está limitada ao W. pola Dorsal meridiana con cotas como a Cova (838 m.), o cordal de Montouto (742 m.) e a serra da Loba (700 m.). Estas son a divisoria das augas dos ríos, que descendeen de cara ás mariñas coruñesas e os tributarios do Miño que drenan estas terras, como é o caso dos ríos Labrada e Parga ámbos os dous afluentes do río Ladra <sup>2</sup>. O clima pertence ao dominio oceánico continental cunha temperatura media anual de 11°.

A nivel demográfico este termo tivo unha incidencia positiva ata os anos 50 do século pasado e negativa nos anos posteriores. Isto foi debido basicamente a emigración que afectou preferentemente ao eido rural. Ademais desde os anos 80 o crecemento vexetativo cada vez é máis negativo a consecuencia dunha natalidade baixa e a unha mortalidade que sube debido ao envellecemento da poboación <sup>3</sup>.

---

<sup>1</sup> GAY MÉNDEZ, Aurora. *Guitiriz, paraíso termal*, Lugo: Servicio de Publicaciones de la Diputación Provincial, 2000.

<sup>2</sup> VÁZQUER CERNADAS, M<sup>a</sup> del Carmen. "Guitiriz", *en Galicia, pueblo a pueblo*. La Voz de Galicia, 1993, páxs. 587-592.

<sup>3</sup> Equipo Ir Indo (Cristina Guzmán, Montserrat Iglesias, Ángel Miramontes e outros). *Galicia en*

Desde unha óptica histórica os abundantes restos arqueolóxicos proban a presenza de asentamentos humanos desde a prehistoria. Así cómpre distinguir, entre outros, as mámoas dos montes de A Valiña, Lagostelle e Os Vilares, os gravados rupestres de Buriz e o castro de O Forno. Logo a presenza romana queda reflectida nas lápidas de Mariz, Parga e Guitiriz; tamén a vía “Per loca marítima” do itinerario de Antonino pasaba polo municipio no traiecto de Brigantium a Lucus Augusti. Posteriormente a cultura sueva deixou a súa influencia nalgúns topónimos: Mariz, Buriz, Romariz, Guitiriz, Amariz etc. Durante a Idade Media os mosteiros de Monfero e Sobrado exerceron o dominio sobre a maioría das terras do concello con continuos enfrontamentos coa casa de Parga polo control do territorio. Sen embargo a finais do século XVI Fernán Pérez de Andrade o Bo pasou a exercer o control sobre estas terras, permanecendo xa unidas ata fins do século XVIII. No ano 1821 xorden os concellos de Parga e Santa Mariña de Lagostelle suprimidos en 1835 coa división municipal. Isto ocasiona que ámbos os dous concellos sexan absorbidos polo de Transparga, que, como xa vimos, vai a cambiar no ano 1945 a súa capitalidade á vila de Guitiriz.

A nivel económico, este concello tende de cara ás actividades agropecuarias, ocupando a gandería un maior influxo que a agricultura principalmente na explotación do gando bovino. A industria ten unha menor influencia na economía local e unicamente é mester sinalar ás derivadas da actividade gandeira, tanto lácteas como cárnicas; ás dedicadas á explotación do granito; á fabricación de materiais de construción; aos serradoiros; e aos transformados metálicos. Finalmente, o sector servicios centrase basicamente nas vilas de Guitiriz e Parga – principais entidades de poboación do municipio-, onde sobresaen o comercio, a administración, a hostelería e os servicios sociais.

### **III. LOCALIZACIÓN DO MUNICIPIO DE GUITIRIZ.**

O municipio de Guitiriz ocupa unha superficie de 293,97 km<sup>2</sup> e posúe unha poboación, segundo o I.G.E.<sup>4</sup> do ano 2019, de 5.484 habitantes, distribuída en 18 parroquias<sup>5</sup>. Limita

---

*Comarcas. Terra Chá e Meira.* Vigo: Ed. Ir Indo. La Voz de Galicia, 2005, paxs. 112-113.

<sup>4</sup> Instituto Galego de Estadística.

polo Norte cos municipios de Monfero (A Coruña) e Xermade (Lugo); polo Sur, cos de Friol (Lugo) e Sobrado (A Coruña); polo W., cos de Curtis (A Coruña) e Aranga (A Coruña); e polo Leste, cos de Vilalba (Lugo) e Begonte (Lugo). Posúe boas comunicacións tanto por estrada como por tren. Así, a N-VI, Madrid – A Coruña, cruza o termo municipal. Ademais, a construción da autovía do NO., facilitou aínda máis a comunicación deste ámbito territorial co exterior. A súa principal entidade de poboación é Guitiriz, capital do municipio, situada na parroquia de San Xoán de Lagostelle.


Por outra banda, este municipio forma parte da Comarca da Terra Chá, que está situada na parte Centro- Norte da provincia de Lugo. Ten unha poboación, segundo o I.G.E. do 2019, de 39.935 habitantes, e ocupa unha extensión de 1822, 75 km<sup>2</sup>, sendo considerada a comarca máis extensa e chá de Galicia. Abrangue, ademais deste municipio, aos de Abadín; Begonte; Castro de Rei; Cospeito; Muras; A Pastoriza; Xermade e Vilalba.

#### ***IV. MAPAS DE LOCALIZACIÓN.***

---

<sup>5</sup> Parroquias de Becin; Buriz; Labrada; Lagostelle, San Xoán de: Lagostelle, Santa Mariña de; Mariz; Negradas; Parga, El Salvador de; Parga, San Breixo de; Parga, Sta. Cruz de; Parga, San Estebo de; Parga, Sta.

## CONCELLO DE GUITIRIZ



### + SITUACIÓN DOS CRUCEIROS

#### LOCALIZACIÓN NUMÉRICA DAS PARROQUIAS

1 LABRADA	10 LAGOSTELLE (S. XOAN)
2 BURIZ	11 BECÍN
3 VILARES	12 PARGA (S. BREIXO)
4 PÍGARA	13 PARGA (S. ESTEBO)
5 PARGA (S. SALVADOR)	14 MARIZ
6 PARGA (STA. CRUZ)	15 PARGA (STA. LOCAIA)
7 TRASPARGA	16 VILAR
8 ROCA	17 PEDRAFITA
9 LAGOSTELLE (STA. MARIÑA)	18 NEGRADAS

Locaia de; Piedrafita; Pígara; Roca, Transparga; Vilar; Vilares.

LOCALIZACIÓN DO CONCELLO DE GUITIRIZ  
NO MAPA PROVINCIAL DE LUGO



**V. CALVARIOS, CRUCEIROS E CRUCES RELEVANTES DE GUITIRIZ.**

<b>CALVARIOS, CRUCEIROS E CRUCES RELEVANTES DO MUNICIPIO DE GUITIRIZ</b>			
<b>PARROQUIAS</b>	<b>CALVARIOS</b>	<b>CRUCEIROS</b>	<b>CRUCES</b>
<i>BECIN</i>		1	
<i>BURIZ</i>	1	4	
<i>LABRADA</i>		9	
<i>LAGOSTELLE, SAN XOÁN</i>		3	
<i>LAGOSTELLE, STA. MARIÑA</i>		1	
<i>MARIZ</i>		2	
<i>NEGRADAS</i>		1	
<i>PARGA, EL SALVADOR DE</i>		4	1
<i>PIEDRAFITA</i>			
<i>PÍGARA</i>		3	
<i>ROCA</i>		1	
<i>SAN BREIXO DE PARGA</i>		2	
<i>STA. CRUZ DE PARGA</i>	1		
<i>SAN ESTEBO DE PARGA</i>		2	
<i>STA. LOCAIA DE PARGA</i>		2	
<i>TRANSPARGA</i>		1	
<i>VILAR</i>		2	1
<i>OS VILARES</i>	1	6	

**VI. CRUCEIROS DESAPARECIDOS.**

<b>CRUCEIROS DESAPARECIDOS</b>	
<b>PARROQUIAS</b>	<b>CRUCEIROS</b>
<b>LABRADA</b>	2. BARRIOS SAN MATEO E XIRÓS.
<b>PIEDRAFITA</b>	1. AO CARÓN DO CAMPANARIO
<b>PÍGARA</b>	1. MUROS.(CAPELA DE STA. ANA
<b>SAN BREIXO DE PARGA</b>	1. SAN ALBERTE.
<b>OS VILARES</b>	1. MOA DE DRADA



## **VII. ALGUNHAS TIPOLOXÍAS DOS CRUCEIROS DO MUNICIPIO DE GUITIRIZ.**

Imos facer un breve resumo dos cruceiros deste municipio atendendo a unha serie de aspectos: a situación que ocupan; a propiedade; en canto aos distintos elementos da súa composición: plataforma, base, fuste, capitel e cruz; a datación destes; en relación ás persoas ligadas coa súa construción; aos motivos explícitos da súa feitura; con respecto a aqueles, que posúen restos de policromía; tamén, en canto aos materiais, que se empregan na súa construción.

### **1. A PROPIEDAD.**

#### **1.1. PROPIEDAD PRIVADA.**

Cruceiro de Xestoselo. “*Casa de Fernando*” **(FOTO 1)**. Cruceiro de Bañobre (Labrada). Cruceiro dos Castelos (Labrada). Cruceiro da Granxa (Labrada). Cruceiro de Paderna (Labrada). *D. José Juan Loureiro*. Cruceiro do Toxiño (Labrada). Cruceiro da Fírveda (San Xoán de Lagostelle) **(FOTO 2)**. *D. Xesús Ribeira Pardiñas*. Cruceiro do Pazo (San Xoán de Lagostelle). “*Casa do Pazo*”. Cruceiro de Cercedo (San Estebo de Parga). “*Casa Arias*” **(FOTO 3)**. Cruceiro da Rectoral (San Salvador de Parga). Cruceiro do Pazo (San Estebo de Parga). *D<sup>a</sup> Carmen Pardo González Rosón*. Cruceiro de Rebordiños (Vilar). “*Casa de Rebordiños*”. Cruceiro do Rego Pequeno (Os Vilares). Cruceiro de Reixas (Os Vilares). “*Casa do Cruceiro*”. Cruceiro de Verulfe (Os Vilares). *Agapito Rosende y esposa*. Cruceiro de Vilargabín (Os Vilares).

#### **1.2. PROPIEDAD PÚBLICA.**

Cruceiro de Becín (Becín) **(FOTO 4)**. Calvario da Graña (Buriz) **(FOTO 5)**. Cruceiro da Graña (Buriz) **(FOTO 6)**. Cruceiro de Riotorto (Buriz). Cruceiro de Sandiño (Buriz). Cruceiro da Loba (Labrada) **(FOTO 7)**. Cruceiros do Mallo (I e II) **(FOTO 8)**. Cruceiro de Saa (Labrada) **(FOTO 9)**. Cruceiro de Santa Mariña (Santa Mariña de Lagostelle) **(FOTO**

**10).** Cruceiro da Igrexa (San Xoán de Lagostelle). Cruceiro interior da igrexa (Mariz) **(FOTO 11).** Cruceiro exterior da igrexa (Mariz). Cruceiro da Igrexa ( As Negradas). Cruceiro interior do San Alberte (San Breixo de Parga). Cruceiro exterior do San Alberte (San Breixo de Parga) **(FOTO 12).** Calvario de Santa Cruz de Parga (Santa Cruz de Parga) **(FOTO 13).** Cruceiro da Pena de Lliboi (San Estebo de Parga). Cruceiro da Igrexa (Santa Locaia de Parga). Cruceiro da Raposeira (Santa Locaia de Parga). Cruceiro da Igrexa (San Salvador de Parga) **(FOTO 14).** Cruceiro de Bascuas (San Salvador de Parga). Cruz de Bascuas ( San Salvador de Parga). Cruceiro de Casas Novas (Pígara). Cruceiro de Castiñeira (Pígara). Cruceiro de Ferreira (Pígara) **(FOTO 15).** Cruceiro de Roca (Roca). Cruceiro da Igrexa (Trasparga) **(FOTO 16).** Cruceiro da Igrexa (Vilar) **(FOTO 17).** Cruceiro da Igrexa (Os Vilares) **(FOTO 18).** Cruceiro do Pazo (Os Vilares) **(FOTO 19).** Calvario dos Vilares (Os Vilares) **(FOTO 20).**

## 2. A SITUACIÓN.

En canto a súa situación, un calvario e doce cruceiros están emprazados nun cruzamento de viarios <sup>6</sup>. Trece a carón dun viario <sup>7</sup>. Once no adro da igrexa <sup>8</sup>. Sete preto dun cruzamento de viarios <sup>9</sup>. Tres a carón do antigo camiño real <sup>10</sup>. E dous no interior da igrexa parroquial <sup>11</sup>.

---

<sup>6</sup> Situación nun cruzamento de viarios: calvario da Graña (Buriz), cruceiro de Riotorto (Buriz), cruceiro de Xestoselo (Buriz), cruceiro de Bañobre (do pazo de Casanova (S. Salvador de Parga), cruceiro de Castiñeira (Pígara), cruceiro de Ferreira (Pígara), cruceiro de Fraguas (Vilar) e cruceiro do Rego Pequeno (Os Vilares).

Cruceiros situados no adro da igrexa: cruceiro de Becín, cruceiro da Graña (Buriz), cruceiro do Mallo (II) (Labrada), cruceiro da Sta. Mariña (Sta. Mariña de Lagostelle), cruceiro da Vila (S. Xoán de Lagostelle), cruceiro da igrexa de Mariz (II), cruceiro de Sta. Locaia (Sta. Locaia de Parga), cruceiro da igrexa (S. Salvador de Parga), cruceiro de Trasparga, cruceiro da igrexa (Vilar), cruceiro da igrexa (Os Vilares).

Cruceiro da Fírveda (S. Xoán de Lagostelle), cruceiro da Granxa de Monfero (Labrada), cruceiro de Paderna (Labrada), cruceiro de Saa (Labrada), cruceiro do Toxiño (Labrada), cruceiro de Bascuas (S. Salvador de Parga), cruceiro de Verulfe (Os Vilares).

Cruceiro da Fírveda (S. Xoán de Lagostelle), cruceiro da Granxa de Monfero (Labrada), cruceiro de Paderna (Labrada), cruceiro de Saa (Labrada), cruceiro do Toxiño (Labrada), cruceiro de Bascuas (S. Salvador de Parga), cruceiro de Verulfe (Os Vilares).

Cruceiros situados no interior da igrexa parroquial: cruceiro da igrexa de Mariz (I), cruceiro do S. Alberte

(S. Breixo de Parga).Labrada), cruceiro da Loba (Labrada), cruceiro do Pazo (S. Xoán de Lagostelle), calvario da Sta. Cruz de Parga, cruz da Raposeira (Sta. Locaia de Parga), cruceiro de Casas Novas (Pígara), cruceiro de Roca, cruceiro do Pazo (Os Vilares), cruceiro de Reixas (Os Vilares) e cruceiro de Vilargabín (Os Vilares).

<sup>7</sup> Cruceiros situados a carón dun viario: cruceiro de Sandiño (Buriz), cruceiro dos Castelos (Labrada), cruceiro da Granxa de Monfero (Labrada), cruceiro da Paderna (Labrada), cruceiro de Saa (Labrada), cruceiro de Cercedo (S. Estevo de Parga), cruceiro de Bascuas (S. Salvador de Parga), cruceiro da rectoral (S. Salvador de

### 3. OS ELEMENTOS ARTÍSTICOS DO CRUCEIRO.

O cruceiro amosa, con respecto a súa composición, os seguintes elementos: a plataforma, a base, o fuste ou varal, o capitel e a cruz.

#### 3.1. A PLATAFORMA.

Hai nove cruceiros sen plataforma <sup>12</sup>. Dez cun chanzo <sup>13</sup>. Dezaoitto con dous <sup>14</sup>. Nove con tres <sup>15</sup> **(FOTO 1)** e un con catro.

#### 3.2. A BASE.

---

Parga), cruceiro do pazo de Casanova (S. Salvador de Parga), cruceiro de Castiñeira (Pígara), cruceiro de Ferreira (Pígara), cruceiro de Fraguas (Vilar) e cruceiro do Rego Pequeno (Os Vilares).

<sup>8</sup> Cruceiros situados no adro da igrexa: cruceiro de Becín, cruceiro da Graña (Buriz), cruceiro do Mallo (II) (Labrada), cruceiro da Sta. Mariña (Sta. Mariña de Lagostelle), cruceiro da Vila (S. Xoán de Lagostelle), cruceiro da igrexa de Mariz (II), cruceiro de Sta. Locaia (Sta. Locaia de Parga), cruceiro da igrexa (S. Salvador de Parga), cruceiro de Trasparga, cruceiro da igrexa (Vilar), cruceiro da igrexa (Os Vilares).

<sup>9</sup> Cruceiro da Fírveda (S. Xoán de Lagostelle), cruceiro da Granxa de Monfero (Labrada), cruceiro de Paderna (Labrada), cruceiro de Saa (Labrada), cruceiro do Toxiño (Labrada), cruceiro de Bascuas (S. Salvador de Parga), cruceiro de Verulfe (Os Vilares).

<sup>10</sup> Cruceiro da Fírveda (S. Xoán de Lagostelle), cruceiro da Granxa de Monfero (Labrada), cruceiro de Paderna (Labrada), cruceiro de Saa (Labrada), cruceiro do Toxiño (Labrada), cruceiro de Bascuas (S. Salvador de Parga), cruceiro de Verulfe (Os Vilares).

<sup>11</sup> Cruceiros situados no interior da igrexa parroquial: cruceiro da igrexa de Mariz (I), cruceiro do S. Alberte (S. Breixo de Parga).

<sup>12</sup> Cruceiros sen plataforma: cruceiro da Graña (Buriz), cruceiro dos Castelos (Labrada), cruceiro do Pazo (S. Xoán de Lagostelle), cruceiro da igrexa de Mariz (I), cruceiro do S. Alberte (S. Breixo de Parga), cruceiro da pena de Lliboi (S. Estevo de Parga), cruceiro de Bascuas (S. Salvador de Parga), cruceiro de Fraguas (Vilar), cruceiro do Rego Pequeno (Os Vilares).

<sup>13</sup> Cruceiros que amosan un chanzo na plataforma: cruceiro da esquerda do calvario da Graña (Buriz), cruceiro do Toxiño (Labrada), cruceiro da Fírveda (S. Xoán de Lagostelle), cruceiro de Casas Novas (Pígara), cruceiro do Pazo (Os Vilares), cruceiro de Reixas (Os Vilares), cruceiro da igrexa (Os Vilares), cruceiro de Verulfe (Os Vilares), cruceiro de Vilargabín (Os Vilares), cruceiro da dereita do calvario dos Vilares.

<sup>14</sup> Cruceiros que mostran dous chanzos na plataforma: cruceiro de Becín, cruceiro de Riotorto (Buriz), cruceiro de Bañobre (Labrada), cruceiro do Mallo (II)(Labrada), cruceiro de Saa (Labrada), cruceiro da Sta. Mariña (Sta. Mariña de Lagostelle), cruceiro da igrexa de Mariz (II), cruceiro de Negradas, cruceiros laterais do calvario da Sta. Cruz de Parga, cruceiro de Cercedo (S. Estevo de Parga), cruceiro da rectoral (S. Salvador de Parga), cruceiro da igrexa

(S. Salvador de Parga), cruceiro do pazo de Casanova (S. Salvador de Parga), cruceiro de Ferreira (Pígara), cruceiro de Roca, cruceiro de Rebordiños (Vilar), cruceiro de Vilar.

<sup>15</sup> Cruceiros que amosan tres chanzos na plataforma: cruceiro central do calvario da Graña (Buriz), cruceiro de Sandiño (Buriz), cruceiro de Xestoselo (Buriz), cruceiro da Granxa de Monfero (Labrada), cruceiro da Loba (Labrada), cruceiro do Mallo (I) (Labrada), cruceiro da Vila (S. Xoán de Lagostelle), cruceiro central do calvario da Sta. Cruz de Parga, cruceiro de Trasparga.

### **3.2.1. MODALIDADES.**

#### **\* *SEN BASE.***

Cruceiro da Graña (Buriz). Cruceiro de Sandiño (Buriz). Cruceiro dos Castelos (Labrada). Cruceiro de Bascuas (San Salvador de Parga).

#### **\* *BASE PARALELEPÍPEDA E MOLDURADA.***

Cruceiro de Xestoselo (Buriz). Cruceiro de Saa (Labrada). Cruceiro interior da igrexa (Mariz). Cruceiro da Rectoral (San Salvador de Parga). Cruceiro do adro da igrexa (San Salvador de Parga). Cruceiro de Casas Novas (Pígara); dous tramos paralelepípedos. Cruceiro de Rebordiños (Vilar). Cruceiro do adro da igrexa (Vilar); dous tramos paralelepípedos e dous moldurados. Cruceiro central do Calvario dos Vilares (Os Vilares). Cruceiros laterais do Calvario de Santa Cruz de Parga (Santa Cruz de Parga).

#### **\* *BASE PARALELEPÍPEDA, TRONCOPIRAMIDAL E MOLDURADA.***

Cruceiro da Paderna (Labrada).

#### **\* *BASE PARALELEPÍPEDA***

Cruceiro central do Calvaio da Graña (Buriz). Cruceiro lateral dereito do Calvario da Graña (Buriz). Cruceiro do adro da igrexa (Negradas). Cruceiro interior da capela do San Alberte (San Breixo de Parga). Cruceiro do adro da igrexa (Os Vilares). Cruceiro do Rego Pequeño (Os Vilares). Cruceiro de Verulfe (Os Vilares).

#### **\* *BASE PARALELEPÍPEDA COAS ARESTAS SUPERIORES BISELADAS.***

Cruceiro da Loba (Labrada). Cruceiro do Pazo (San Xoán de Lagostelle). Cruceiro da Vila (San Xoán de Lagostelle). Cruceiro de Cercedo (San Estebo de Parga). Cruceiro do Pazo (San Salvador de Parga). Cruceiro de Ferreira (Pígara). Cruceiro do Pazo (Os Vilares).

#### **\* *BASE PARALELEPÍPEDA E TRONCOPIRAMIDAL.***

Cruceiro de Becín (Becín). Cruceiro do adro da igrexa (Mariz). Cruceiro da Raposeira (Santa Locaia de Parga). Cruceiro de Roca (Roca). Cruceiro de Reixas (Os Vilares). Cruceiros laterais

do Calvario dos Vilares (Os Vilares).

\* ***BASE TRONCOPIRAMIDAL.***

Cruceiro do adro da igrexa (Santa Locaia de Parga). Cruceiro de Vilargabín (Os Vilares).

\* ***BASE TRONCOPIRAMIDAL E MOLDURADA***

Cruceiro de Transparga ( Transparga); dous tramos moldurados (**FOTO 16**).

### **3.2.2. ORNAMENTACIÓN NA BASE.**

\* O *cruceiro de Vilargabín (Os Vilares)* amosa uns relevos vexetais e xeométricos nas caras da base.

\* O *cruceiro lateral esquerdo do Calvario dos Vilares* mostra nalgunha das súas caras motivos vexetais (**FOTO 21**).

### **3.2.3. INSCRICIÓN NA BASE.**

Este elemento leva unha inscrición en seis cruceiros <sup>16</sup>. Antano tamén había unha inscrición no cruceiro da Fírveda <sup>17</sup>. A inscrición adoita mencionar o nome da persoa ou persoas que mandaron construír o cruceiro e a data de construción; algún tamén fai referencia as indulxencias concedidas polo bispo de Mondoñedo a quen rezase devotamente unhas oracións diante do cruceiro: painoso, avemaría, salve, credo etc.

Como modelos representativos de inscrición citamos a dos seguintes cruceiros:

#### **A. CRUCEIRO DE SAA (LABRADA).**

---

<sup>16</sup> Cruceiros que presentan unha inscrición na base: cruceiro de Riotorto (Buriz), cruceiro de Saa (Labrada), cruceiro da igrexa de Mariz (II), cruceiro central do calvario da Sta. Cruz de Parga, cruceiro de Cercedo (S. Estevo de Parga) e cruceiro de Verulfe (Os Vilares).

<sup>17</sup> SANTOS SAN CRISTOBAL, Sebastián.: *Inventario Artístico de Lugo y su provincia, T. III*, Ministerio de Cultura, Madrid, 1980, páxs. 251-252. A inscrición dicía: " *Este crucero lo hizo José Losada de Landeira y su mujer Dominga Pardo en 1890*".

“ AVE MARIA / DE /AÑO 1800/”

**B. CRUCEIRO DE CERCEDO (SAN ESTEBO DE PARGA).**

“ AÑO 1977  
CERCEDO “.

**C. CRUCEIRO DE VERULFE (OS VILARES).**

“RDE. AGAPITO ROSENDE  
Y ESPOSA 1988”

**D. CRUCEIRO CENTRAL DO CALVARIO DE SANTA CRUZ.**

“SIENDO CURA DON PEDRO NÚÑEZ ROCA...”

**3.3. O FUSTE.**

**3.3.1. MODALIDADES.**

O fuste acostuma ser monolítico, de sección cuadrangular nos extremos e oitavado no resto agás o cruceiro dos Castelos (Labrada), que é cilíndrico; e o cruceiro central do Calvario de Santa Cruz que é cilíndrico e acanalado (**FOTO 13**).

**3.3.2. ORNAMENTACIÓN.**

\* Algúns cruceiros posúen **motivos decorativos de forma alongada** nos extremos das catro caras do fuste <sup>18</sup>.

\* O *cruceiro da Graña* ( *Buriz*) (**FOTO 6**) amosa dous elementos ornamentais: o **galo e a**

**rede** – que dende a cruz se prolonga ao fuste-. Ambos os dous representan unha clara alegoría ao apóstolo San Pedro.

\* O *cruceiro das Negradas ( Negradas)* presenta na parte superior das súas caras **unhas rosetas**.

\* O *cruceiro de Becín* amosa na cara do Cristo o relevo dunha santiña **(FOTO 4)**.

\* A parte superior do fuste está decorado con relevos de motivos vexetais no *cruceiro lateral esquerdo do Calvario dos Vilares*. **(FOTO 22)**

\* O resto do fuste está ornamentado **cos instrumentos da paixón** nos *cruceiros da Vila (S. Xoán de Lagostelle) e Cercedo (San Estevo de Parga)*. A súa disposición nunha orde descendente é variable. Así distinguimos:

#### **A. CRUCEIRO DE CERCEDO (SAN ESTEBO DE PARGA).**

Látego, tres cravos, lanza, tenaces, martelo, escaleira de tres banzos.

#### **B. CRUCEIRO DA VILA (S. XOÁN DE LAGOSTELLE).**

Sol, lanza, media lúa en cuarto crecente, tres cravos, martelo, tenaces, escaleira de oito banzos .

### **3.3.3. INSCRICIÓNS.**

Este elemento leva unha inscrición en seis cruceiros <sup>19</sup>. A inscrición fai mención dun xeito preferente a data en que se construíu así como a persoa ou persoas, que propiciaron a súa construción.

---

<sup>18</sup> Cruceiros ornamentados no fuste con motivos de forma alongada: cruceiro de Becín, cruceiro da Sta. Mariña (Sta. Mariña de Lagostelle), cruceiro da igrexa de Mariz (II), cruceiro de Trasparga.

Como exemplo representativo de inscrición citamos a dos seguintes cruceiros:

**A. CRUCEIRO DE RIOTORTO (BURIZ).**

" ESTE / CRVCEI / RO LOY / ZO YNA / CIO DE /  
CASTRO / Y SU M / M<sup>a</sup> FRZ / 1872/  
APE / DIMEN / TO DE / INACIO / CASTRO /  
I SU MR / EL SR O / BISPO / DE MON /  
DOÑE / DO A / CONCE / DIDO 40 / DIAS ".

**B. CRUCEIRO DE SAA (LABRADA).**

“ ES / TE / CRUZ<sup>a</sup> / LO HIZN / JOSE PH / DO SOU / TO.  
Y MA / NL DIAZ / A° DE 1798”.

**C. CRUCEIRO DA VILA (SAN XOÁN DE LAGOSTELLE)**

CARA NW.: (PARTE INFERIOR). “1880”.

**D. CRUCEIRO DE CASAS NOVAS (PÍGARA).**

A parte superior de dúas caras presenta a inscrición “JHS” (Jesús, Hijo, Señor)

### **3.4. O CAPITEL.**

#### **3.4.1. FORMAS QUE ADOPTA.**

\* **CAPITEL PARALELEPÍPEDO E MOLDURADO.**

Cruceiro de Xestoselo (Buriz). Cruceiro de Negradas (Negradas); moldura cóncava.  
Cruceiro da Pena de Lliboi (San Estebo de Parga); moldura cóncava.

---

<sup>19</sup> Cruceiros que teñen algunha inscrición no fuste: cruceiro de Riotorto (Buriz), cruceiro de Saa (Labrada), cruceiro de Casas Novas (Pígara), cruceiro de Fraguas (Vilar), cruceiro de Rebordiños (Vilar), cruceiro da Vila (S. Xoán de Lagostelle).



\* ***CAPITEL TRONCOPIRAMIDAL INVERTIDO E MOLDURADO.***

Cruceiro de Becín (Becín). Cruceiro do adro da igrexa (Mariz).

\* ***CAPITEL FORMADO POR UN ÁBACO. UN PARALELEPÍPEDO E UNHA MOLDURA.***

Cruceiro da Granxa de Monfero (Labrada); moldura convexa.

\* ***CAPITEL MOLDURADO.***

Cruceiro da Loba (Labrada); de tipo cóncavo, convexo e de filete. Cruceiro do Pazo ( San Xoán de Lagostelle); listeis e moldura en caveto. Cruceiro de Castiñeiras (Pígara); cóncava e convexa. Cruceiro de Ferreira (Pígara); caveto, baquetón, filete **(FOTO 15)** .Cruceiro do adro da igrexa (Transparga); cóncavo, convexa.

\* ***CAPITEL FORMADO POR UN CIMACIO E UN TRAMO TRONCOPIRAMIDAL INVERTIDO..***

Cruceiro da Fírveda (San Xoán de Lagostelle). Cruceiro da Vila (San Xoán de Lagostelle).

\* ***CAPITEL FORMADO POR UN ÁBACO E UN TRAMO TRONCOPIRAMIDAL INVERTIDO.***

Cruceiro interior da igrexa (Mariz) **(FOTO 11)**. Cruceiro de Reixas (Os Vilares). Cruceiro de Verulfe (Os Vilares).

\* ***CAPITEL FORMADO POR UN TRAMO PARALELEPÍPEDO E OUTRO TRONCOPIRAMIDAL INVERTIDO.***

Cruceiro interior da capela do San Alberte (San Breixo de Parga).

\* ***CAPITEL TRONCOPIRAMIDAL INVERTIDO.***

Cruceiro da adro da igrexa de Santa Locaia (Santa Locaia de Parga).

\* ***CAPITEL FORMADO POR UN ÁBACO E POR MOLDURAS.***

Cruceiro de Bascuas (San Salvador de Parga). Cruceiro do adro da igrexa (San Salvador de Parga) **(FOTO 14)**. Cruceiro de Casas Novas (Pígara). Cruceiro do adro da igrexa (Vilar). Cruceiro da igrexa (Os Vilares). Cruceiro do Pazo (Os Vilares). Cruceiro do Rego Pequeno (Os Vilares). Cruceiros laterais do Calvario dos Vilares (Os Vilares).

\* ***CAPITEL MOLDURADO E CUNHA TENDENCIA Á TRONCOPIRAMIDALIDADE.***

Cruceiro do Pazo (San Salvador de Parga).

\* ***CAPITEL PARALELEPÍPEDO.***

Cruceiro de Rebordiños (Vilar).

\* ***CAPITEL FORMADO POR UN CIMACIO E UN COLARIÑO.***

Cruceiro central do Calvario dos Vilares (Os Vilares). Cruceiro de Vilargabín (Os Vilares).

\* ***CAPITEL FORMADO POR UN ÁBACO. UN TRAMO TRONCOPIRAMIDAL INVERTIDO. OUTROS TRAMOS PARALELEPÍPEDOS. E UNHAS MOLDURAS.***

Cruceiro de Cercedo (San Estebo de Parga) **(FOTO 3)**.

### **3.4.2. DECORACIÓN.**

Con respecto á decoración este elemento artístico amosa distintos temas:

\* ***Trece cruceiros*** están decorados con volutas e querubíns<sup>20</sup> **(FOTO 23)**

\* ***Tres cruceiros*** amosan un colariño <sup>21</sup> **(FOTO 8)**

\* ***Dous cruceiros*** presentan as ás dos anxos moi esquematizadas <sup>22</sup> .

\* ***Tres cruceiros*** mostran un funículo <sup>23</sup>. **(FOTO 16)**

\* ***Dous cruceiros*** amosan gotas cúbicas <sup>24</sup>. **(FOTO 24)**

\* ***Dous cruceiros*** presentan merlóns invertidos <sup>25</sup>. **(FOTO 2)**

---

<sup>20</sup> Cruceiros ornamentados no capitel con volutas e querubíns: cruceiro de Riotorto (Buriz), cruceiro de Becín, cruceiro do Mallo (I) (Labrada), cruceiro do Mallo (II) (Labrada), cruceiro de Saa (Labrada), cruceiro da Fírveda (S. Xoán de Lagostelle), cruceiros da igrexa de Mariz, cruceiro do pazo de Casanova (S. Salvador de Parga), cruceiro de Verulfe (Os Vilares), cruceiro de Vilargabín (Os Vilares), cruceiro central do calvario dos Vilares.

<sup>21</sup> Cruceiros ornamentados cun colariño no capitel: cruceiro do Mallo (II) (Labrada), cruceiro de Saa (Labrada). Cruceiro central do Calvario de Santa Cruz.

***O colariño é o elemento artístico, que separa o fuste do capitel.***

<sup>22</sup> Cruceiros que amosan as ás dos anxos moi esquematizadas no capitel: cruceiro da Fírveda (S. Xoán de Lagostelle), cruceiro da Vila (S. Xoán de Lagostelle).

<sup>23</sup> Cruceiros da Fírveda (San Xoán de Lagostelle), cruceiro da Vila (San Xoán de Lagostelle), e cruceiro de Transparga (Transparga).

<sup>24</sup> Cruceiros de Transparga (Transparga) e do Pazo (Os Vilares).

- \* *Un cruceiro* amosa gravados xeométricos <sup>26</sup>
- \* *Un cruceiro* mostra unha corda grosa entrelazada ao longo do capitel e unha vieira<sup>27</sup> . **(FOTO 25)**
- \* *Un cruceiro* presenta volutas e follas de acanto <sup>28</sup> **(FOTO 13)**

### 3.4.3. INSCRICIÓN NO CAPITEL.

- \* *CRUCEIRO DO ADRO DA IGREXA (MARIZ)*

CARA W.: (PARTE SUPERIOR). “ 1990”

### 3.5. A CRUZ..

A maioría dos cruceiros amosan unha cruz de sección cuadrangular nos seus extremos e coas arestas biseladas no resto.

#### 3.5.1. REMATES.

Así mesmo, amosa diferentes remates:

- \* Unha cruz florenzada calvario e *vintetrés cruceiros* <sup>29</sup>. **(FOTO 14)**
- \* Unha cruz trevoada no *cruceiro da Rectoral (San Salvador de Parga)*.
- \* Unha cruz apuntada no *cruceiro de Vilargabín (Os Vilares)*.
- \* Unha cruz bulbosa no *cruceiro de Casas Novas (Pígara)*.

---

<sup>25</sup> Cruceiros da Fírveda (San Xoán de Lagostelle) e da Vila (San Xoán de Lagostelle).

<sup>26</sup> Cruceiro de Sandiño (Buriz).

<sup>27</sup> Cruceiro situado ao carón da “Capela do San Alberte” (San Breixo de Parga).

<sup>28</sup> Cruceiro central do Calvario de Santa Cruz de Parga.

<sup>29</sup> Cruceiros que amosan a súa cruz florenzada: cruceiro de Becín, cruceiro de Riotorto (Buriz), cruceiro de Bañobre (Labrada), cruceiro dos Castelos (Labrada), cruceiro da Loba (Labrada), cruceiro de Saa (Labrada), cruceiro do Toxiño (Labrada), cruceiro da Sta. Mariña (Sta. Mariña de Lagostelle), cruceiro da Fírveda (S. Xoán de Lagostelle), cruceiro da Vila (S. Xoán de Lagostelle), cruceiros da igrexa de Mariz, cruceiro de Negradas, cruceiros laterais do calvario da Sta.Cruz de Parga, cruceiro da igrexa (S. Salvador de Parga), cruceiro do pazo de Casanova (S. Salvador de Parga), cruceiro de Castiñeira (Pígara), cruceiro de Trasparga, cruceiro de Rebordiños (Vilar), cruceiro do Pazo (Os Vilares), cruceiro do Rego Pequeno (Os Vilares), cruceiro de Verulfe (Os Vilares), calvario dos Vilares.

### 3.5.2. EFIXIES DO CRISTO E DA VIRXE.

No anverso da cruz, aparece a efíxie de Cristo en *dazanove cruceiros*<sup>30</sup>. Presenta os seguintes trazos.

1º. Está situada nunha cruz, que amosa unha cartela<sup>31</sup>.

2ª. Baixo a cartela pode lerse a inscrición *INRI* no *cruceiro interior da igrexa (Mariz)* (**FOTO 11**) ; no *cruceiro de Verulfe (Os Vilares)*; e no *cruceiro de Vilargabín (Os Vilares)*.

3º. A súa cabeza está inclinada ao lado dereito en *dez cruceiros*<sup>32</sup> (**FOTO 23**).

4º. A súa cabeza está inclinada ao lado esquerdo no *cruceiro da igrexa de Mariz*, e no *cruceiro da igrexa de “Os Vilares”* (**FOTO 18**).

5º. As mans permanecen abertas en nove cruceiros<sup>33</sup>.

6º. As mans están pechadas en sete cruceiros<sup>34</sup>.

7º.. O perizoma está anoado ao lado dereito en sete cruceiros<sup>35</sup>.

---

<sup>30</sup> Cruceiros que presentan efíxies na cruz: cruceiro de Becín, cruceiro da Granxa de Monfero (Labrada), cruceiro central do calvario da Graña (Buriz), cruceiro de Riotorto (Buriz), cruceiro do Mallo (II) (Labrada), cruceiro da Sta. Mariña (Sta. Mariña de Lagostelle), cruceiro da Vila (S. Xoán de Lagostelle), cruceiros da igrexa de Mariz, cruceiro de Negradas, cruceiro do S. Alberte (S. Breixo de Parga), cruceiro de Cercedo (S. Estevo de Parga), cruceiro de Sta. Locaia de Parga, cruceiro de Bascuas (S. Salvador de Parga), cruceiro do pazo de Casanova (S. Salvador de Parga), cruceiro da igrexa (Os Vilares), cruceiro de Verulfe (Os Vilares), cruceiro de Vilargabín (Os Vilares), cruceiro central do calvario dos Vilares.

<sup>31</sup> Cruceiros de Becín; de Riotorto (Buriz); do Mallo (Labrada); de Sta. Mariña (Lagostelle); da Vila (San Xoán de Lagostelle); do interior da igrexa (Mariz); do interior da capela do San Alberte (San Breixo de Parga); do adro da igrexa (Os Vilares); do cruceiro central do Calvario dos Vilares (Os Vilares).

<sup>32</sup> A cabeza da efíxie de Cristo inclinada ó lado dereito: cruceiro de Becín, cruceiro de Riotorto (Buriz), cruceiro central do calvario da Graña (Buriz), cruceiro da Granxa de Monfero (Labrada), cruceiro do Mallo (II) (Labrada), cruceiro da Vila (S. Xoán de Lagostelle), cruceiro de Negradas, cruceiro de Bascuas (S. Salvador de Parga), cruceiro de Vilargabín (Os Vilares), cruceiro central do calvario dos Vilares.

<sup>33</sup> As mans da efíxie de Cristo aparecen abertas: cruceiro de Becín, cruceiro da Granxa de Monfero (Labrada), cruceiro do Mallo (II) (Labrada), cruceiro da Vila (S. Xoán de Lagostelle), cruceiro da igrexa (I) (Mariz), cruceiro de Negradas, cruceiro do pazo de Casanova (S. Salvador de Parga), cruceiro da igrexa (Os Vilares), cruceiro central do calvario dos Vilares.

<sup>34</sup> As mans da efíxie de Cristo aparecen pechadas: cruceiro central do calvario da Graña (Buriz), cruceiro da Sta. Mariña (Sta. Mariña de Lagostelle), cruceiro da igrexa de Mariz (II), cruceiro do S. Alberte (S. Breixo de Parga), cruceiro de Bascuas (S. Salvador de Parga), cruceiro de Verulfe (Os Vilares), cruceiro de Vilargabín (Os Vilares).

<sup>35</sup> O perizoma anoado ó lado dereito: cruceiro central do calvario da Graña (Buriz), cruceiro de Riotorto

8º. O perizoma esta anoado ao lado esquerdo no *cruceiro da igrexa de Santa Mariña (Santa Mariña de Lagostelle), e no cruceiro da Vila (San Xoán de Lagostelle)*..

9º. O perizoma está anoado no centro nos *cruceiros das Negradas e de Verulfe (Os Vilares)*..

10º. Os brazos están extendidos ao longo da cruz cruz <sup>36</sup>.

11º. Os brazos dispostos na cruz en forma de V ou dunha lixeira V <sup>37</sup>.

12º. Costelas do Cristo moi pronunciadas <sup>38</sup>. **(FOTO 4)**

13º. Pernas flexionadas ou lixeiramente flexionadas <sup>39</sup>.

14º. Con coroa de espiñas <sup>40</sup>

15º. O pé dereito sobre o esquerdo en trece cruceiros<sup>41</sup>

16. O pé esquerdo sobre o dereito en cinco cruceiros<sup>42</sup>

17ª.Os pés sobre un supedáneo, sostido pola imaxe dunha santiña no *cruceiro do Pazo (El Salvador de Parga)*

---

(Buriz), cruceiro do Mallo (II) (Labrada), cruceiro do S. Alberte

(S. Breixo de Parga), cruceiro de Bascuas (S. Salvador de Parga), cruceiro do pazo de Casanova (S. Salvador de Parga), cruceiro de Vilargabín (Os Vilares).

<sup>36</sup> Calvario da Graña (Buriz).. Cruceiro de Sta. Mariña (Lagostelle). Cruceiro da Vila (San Xoán de Lagostelle). Cruceiro da Granxa de Monfero (Labrada). Cruceiro do interior da capela do San Alberte (San Breixo de Parga). Cruceiro de Cercedo (San Estebo de Parga).

<sup>37</sup> Cruceiros do adro da igrexa (Mariz); do interior da igrexa (Mariz); do Mallo (Labrada); de Riotorto (Buriz); das Negradas; do interior da capela do San Alberte (San Breixo de Parga); de Bascuas (El Salvador de Parga); do Pazo (El Salvador de Parga); do adro da igrexa ( Os Vilares); de Verulfe (Os Vilares); de Vilargabín (Os Vilares).

<sup>38</sup> Cruceiros de Becin; das Negradas (abdome moi pronunciado); de Vilargabín (Os Vilares); do Pazo ( El Salvador de Parga) (cabelos moi pronunciados e cabeza de Cristo desproporcionada). Cruceiro central do Calvario dos Vilares.

<sup>39</sup> Cruceiros de Riotorto (Buriz); do Mallo (Labrada); de Sta. Mariña (Lagostelle); da Vila (San Xoán de Lagostelle); do interior da igrexa (Mariz); de Cercedo (San Estebo de Parga); das Negradas; do Pazo (El Salvador de Parga); do adro da igrexa (Vilar); de Vilargabín (Os Vilares ); do cruceiro central do Calvario dos Vilares.

<sup>40</sup> Cruceiros de Becín (lado dereito); do cruceiro central do Calvario da Graña (Buriz); de Riotorto (Buriz) (lado dereito); de Mallo (Labrada) (lado dereito); de Sta. Mariña (Lagostelle); da Vila (San Xoán de Lagostelle) (lado dereito); do interior da igrexa (Mariz) (lado esquerdo); da Granxa de Monfero (Labrada) (lado dereito);das Negradas (lado dereito); de Bascuas (El Salvador de Parga); do Pazo (El Salvador de Parga); de Vilargabín (Os Vilares); do adro da igrexa (Os Vilares) (lado esquerdo); cruceiro central do Calvario dos Vilares.

<sup>41</sup> A efixie de Cristo amosa o pé dereito sobre o pé esquerdo: cruceiro central do calvario da Graña (Buriz), cruceiro de Riotorto (Buriz), cruceiro da Granxa de Monfero (Labrada), cruceiro do Mallo (II) (Labrada), cruceiro da Sta. Mariña (Sta. Mariña de Lagostelle), cruceiro da igrexa de Mariz (I), cruceiro de Negradas, cruceiro de Cercedo (S. Estevo de Parga), cruceiro de Bascuas (S. Salvador de Parga), cruceiro da igrexa (Os Vilares), cruceiro de Verulfe (Os Vilares), cruceiro de Vilargabín (Os Vilares), cruceiro central do calvario dos Vilares.

<sup>42</sup> A efixie de Cristo amosa o pé esquerdo sobre o dereito: cruceiro de Becín, cruceiro da Vila (S. Xoán de Lagostelle), cruceiro da igrexa de Mariz (II), cruceiro do S. Alberte (S. Breixo de Parga), cruceiro do pazo de Casanova (S. Salvador de Parga).

18°. A cabeza, o lombo e as costas separadas da cruz nos *cruceiros de Becín; do interior da igrexa (Mariz); e do Pazo (El Salvador de Parga)*.

19°. Na intersección dos brazos do *cruceiro lateral esquerdo do Calvario dos Vilares* hai un relevo co rostro da Dolorosa <sup>43</sup>.

20°. No *cruceiro lateral dereito do Calvario dos Vilares (FOTO 26)* hais dous bustos policromados de Dolorosas e un medallón circular sobre unha roseta <sup>44</sup>

No **reverso da cruz** aparece a efixie da Virxe en *once cruceiros* <sup>45</sup>

Mostra as seguintes peculiaridades:

1ª. Amósase como Inmaculada sobre media lúa nos *cruceiros de Riotorto (Buriz); de Mallo (Labrada); de Sta. Mariña (Lagostelle); da Granxa de Monfero (Labrada); do cruceiro central do Calvario dos Vilares. (FOTO 27)*

2ª. Presentase como Piedade no *cruceiro lateral dereito do Calvario da Graña (Buriz)*

3ª. Mostrase como unha Virxe co neno no *cruceiro de Cercedo (San Estebo de Parga)*

4ª. Amósase como Virxe coroada no *cruceiro de Vilargabín (Os Vilares)*

5ª. Ademais, aparece cunha túnica e manto no *Calvario da Graña (Buriz)*. Nos *cruceiros de Riotorto (Buriz); de Mallo (Labrada); de Sta. Mariña (Lagostelle); da Granxa de Monfero (Labrada); e do cruceiro central do Calvario dos Vilares.*

6ª. Tamén, sobre peaña no *Calvario da Graña (Buriz) e nos cruceiros de Sta. Mariña (Lagostelle); e da Vila (San Xoán de Lagostelle)*.

7ª. Así mesmo, nunha actitude orante no *Calvario da Graña (Buriz) e nos cruceiros da Vila (San Xoán de Lagostelle); e do adro da igrexa (Mariz)*.

8ª. O *cruceiro lateral esquerdo do Calvario dos Vilares* mostra no reverso da cruz un medallón circular co relevo do rostro de Cristo <sup>46</sup>. **(FOTO 24)**

---

<sup>43</sup> Logo da restauración deste cruceiro, a cruz foi colocada de distinto xeito, e decir, o que tiña que figurar como Anverso, figura como reverso e viceversa.

<sup>44</sup> Logo da restauración deste cruceiro, a cruz foi colocada de distinto xeito, e decir, o que tiña que figurar como Anverso, figura como reverso e viceversa

<sup>45</sup> Calvario da Graña (Buriz). Cruceiros de Riotorto (Buriz); de Sta. Mariña (Lagostelle); do Mallo (Labrada); da Vila (San Xoán de Lagostelle); do adro da igrexa (Mariz); da Granxa de Monfero (Labrada); de Cercedo (San Estebo de Parga); de Verulfe (Os Vilares); de Vilargabín( Os Vilares); do cruceiro central do Calvario dos Vilares)

<sup>46</sup> Logo da restauración deste cruceiro, a cruz foi colocada de distinto xeito, e decir, o que tiña que figurar como Anverso, figura como reverso e viceversa.

9º. O *cruceiro lateral dereito do Calvario dos Vilares* amosa no reverso da cruz un medallón circular co relevo do rostro de Cristo <sup>47</sup>.

#### **4.5.3. INSCRICIÓNS NA CRUZ.**

\* O *cruceiro da Rectoral (Salvador de Parga)*, amosa no pé dun dos lados da cruz a data. “1956”.

\* O *mesmo cruceiro* mostra no pé doutro dos lados: “SSS” = Sebastián Santos San Cristóbal, párroco nos anos cincuenta do século pasado desta freguesía, Ademais, na intersección dos seus brazos hai “UN CRISMÓN”.

\* Baixo unha cartela pode lerse a inscrición “*INRI*” (*IESUS NAZARENUS REX IVDAEORUM*) no *cruceiro interior da igrexa (Mariz)*; no *cruceiro de Verulfe (Os Vilares)*; e no *cruceiro de Vilargabín (Os Vilares)*.

\* Baixo unha cartela pode lerse a inscrición “*JNRJ*” (*JESÚS DE NAZARET REY DE LOS JUDIOS*) no *cruceiro lateral dereito do Calvario dos Vilares*.

### **8. CRUCEIROS QUE AMOSAN O NOME DA PERSOA OU PERSOAS QUE OS MANDARON CONSTRUÍR.**

Cruceiro de Riotorto (Buriz). Cruceiro de Saa (Labrada). Cruceiro de Verulfe (Os Vilares).  
Cruz de Fraguas (Vilar)

### **9. CRUCEIROS SITUADOS NO INTERIOR DA IGREXA PARROQUIAL.**

Cruceiro da igrexa (Mariz). Cruceiro da Capela do San Alberte (San Breixo de Parga).

### **10. CRUCEIROS COLOCADOS AO CARÓN DO ANTIGO CAMIÑO REAL.**

---

<sup>47</sup> Logo da restauración deste cruceiro, a cruz foi colocada de distinto xeito, e decir, o que tiña que figurar como Anverso, figura como reverso e viceversa.

Cruceiro da Granxa de Monfero (Labrada). Cruceiro da Paderna (Labrada). Cruceiro de Castiñeira (Pígara).

## **11. MATERIAIS EMPREGADOS NA SÚA CONSTRUCCIÓN.**

Todos os cruceiros deste municipio están construídos en granito, agás as plataformas dos cruceiros de *Casas Novas (Pígara) e Roca*, que están realizados con cachotería. Ademais, a base do cruceiro do Pazo (San Xoán de Lagostelle) foi construída de cemento. Tamén, o cruceiro de Vilargabín (Os Vilares) foi realizado case no seu conxunto con cemento.

## **12. DATA DOS CRUCEIROS.**

Con respecto a súa datación, algúns son do século XVIII mais a maioría son dos séculos XIX e XX. Aqueles cruceiros, provistos de data, adoitan tela na base, no fuste e na cruz, como podemos comprobar por medio do seguinte esquema:

### ***12.1. DATA NA BASE.***

- \* **CRUCEIRO DA FÍRVEDA (S. XÓAN DE LAGOSTELLE).1890.**
- \* **CRUCEIRO DE CERCEDO (S. ESTEBO DE PARGA). 1977.**
- \* **CRUCEIRO DE VERULFE (OS VILARES). 1988.**
- \* **CRUCEIROS DA IGREXA DE MARIZ. 1990.**

### ***12.2. DATA NO FUSTE.***

- \* **CRUCEIRO DE SAA (LABRADA). 1798.**
- \* **CRUCEIRO DE RIOTORTO (BURIZ). 1872.**
- \* **CRUCEIRO DA VILA (S. XOÁN DE LAGOSTELLE). 1880.**

### ***12.3. DATA NA CRUZ.***



\* **CRUCEIRO DA RECTORAL (S. SALVADOR DE PARGA).1956.**

### **13. PROCESIÓNS AO CARÓN DOS CRUCEIROS.**

Antano celebrábanse festividades relixiosas nas ermidas de San Nicolás (Buriz), de Lourdes (Buriz), na capela do Pazo (San Xoán de Lagostelle). Ao rematar a misa solemne, había unha procesión que circundaba os cruceiros de Sandiño (Buriz), ligado a ermida do San Nicolás; de Xestoselo, ligado á ermida de Lourdes; do Pazo, ligado á capela do Pazo.

Actualmente, comezou a celebrarse no mes de Agosto á festividade na ermida do San Nicolás con procesión incluída.

Ademais, segue celebrándose dende sempre a festividade da Virxe dos Desamparados no Santuario dos Vilares, con misas ao longo da mañá e primeiras horas da tarde; e, logo, procesión que circunda o Calvario dos Vilares.

### **14. CANTEIROS E RESTAURADORES DOS CRUCEIROS DESTE MUNICIPIO.**

Finalmente facemos referencia a unha serie de canteiros , que interviron na construción e restauración dalgúns cruceiros deste municipio.

1º. **D. FELIPE SÁ**, canteiro de San Salvador de Parga, construíu o **Calvario dos Vilares** a finais do *século XVIII*. Segundo testemuñas de **D. SEGUNDO L. PÉREZ LÓPEZ** , antigo párroco dos Vilares, hai outros cruceiros na zona, que foron realizados polo mesmo canteiro, debido a que teñen algúns trazos moi similares<sup>48</sup>. No mesmo século, **D. ANTONIO LOUREIRO**, canteiro de Pontevedra, construíu o **cruceiro da Paderna (Labrada)**

2º. Nos *anos trinta do século XX*, un canteiro de Buriz, chamado **ANDRÉS**, realizou o **cruceiro de Reixas (Os Vilares)**, situado nun cruzamento de viarios.

---

<sup>48</sup> D. Segundo Leonardo Pérez López foi o director de " Estudios Mindonienses", Anuario de Estudios Histórico-Teolóxicos de la Diócesis de Mondoñedo-Ferrol. Actualmente é o deán da catedral de Santiago de

3º. O señor **CARREIRA**, canteiro de Buriz, restaurou hai uns anos **o cruceiro de Vilar**, situado no adro da igrexa.

4º. O señor **FEAL**, canteiro de Ferrol, construíu **o cruceiro de Ferreira**, hai dous anos.

5ª. Os señores **CANCELA E XULIO GARIBALDO**, canteiros de Buriz e Mariz, respectivamente, restauraron **o cruceiro da Fírveda (S. Xoán de Lagostelle)**.

6º. O señor **LOURÉS**, canteiro de Miraz (Friol), realizou **os cruceiros de Cercedo (S. Estevo de Parga) e o da capela do S. Alberte (S. Breixo de Parga)** nos anos **1977 e 1984**, respectivamente. Tamén fixo o cruceiro da igrexa de Sta. Locaia.

7º. O señor **PASARÍN**, canteiro de Trasparga, construíu os seguintes cruceiros:

7.1. **O cruceiro de Becín** no ano **1978**.

7.2. **O cruceiro de Verulfe (Os Vilares)** no ano **1988**.

7.3. **Os dous cruceiros da igrexa de Mariz** no ano **1990**.

7.4. **A cruz do cruceiro das Negradas** no ano **1990**.

7.5. **O cruceiro do Pazo (Os Vilares)** no ano **1992**.

7.6. **O cruceiro da igrexa (Os Vilares)** no ano **1993**.

7.7. **O cruceiro da pena de Lliboi (S. Estevo de Parga)** no ano **1993**.

7.8. Realizou tamén outros cruceiros de carácter privado: **o da súa propiedade de Trasparga; os das “Casas de Belouchada e Fragueiro” (S. Estevo de Parga); o da “Casa do gandeiro” (Pígara); o da “Casa do Mestre” (As Negradas)**, etc.

8º. Finalmente os membros do obradoiro de cantería, impulsado pola agrupación cultural **"Xermolos"** de Guitiriz, restauraron **a capela de Bascuas**, ornamentaron o campo da capela con diversas esculturas de pedra e construíron un cruceiro nese mesmo lugar, sendo a cruz e o Cristo obra da señora **Xosefa Pereira**.

## **VIII. VOCABULARIO ESENCIAL SOBRE OS CRUCEIROS.**

**ACANTO.-** Adorno que imita a unha planta perenne, que posúe as flores longas, rizadas e con espiñas. Este adorno é característico do capitel corintio.

**ÁNGULO.-** Figura formada por dúas liñas, que parten dun memo punto.

**ANVERSO.-** Cara principal de determinados obxectos. Cara principal da cruz.

**ARESTA.-** Recta formada polo encontro de dous planos.

**BANZOS.-** Cada un dos pasos dunha escaleira.

**BASE.-** Apoio sobre o que descansa algunha cousa. Parte inferior dunha columna.

**CACHOTERÍA.-** Pedras sen labrar, colocadas dun xeito irregular.

**CAPITEL.-** Parte superior da columna, que coroa o fuste.

**CARTELA.-** Decoración que enmarca unha inscrición nun pedestal, lápida ou friso.

**COLARIÑO.-** Moldura anular entre o fuste e o capitel dunha columna.

**COLUMNA.-** Pé dereito ou piar cilíndrico, normalmente máis alto que ancho, que serve de soporte de cornixas, bóvedas ou como simple adorno; componse de tres partes: base, fuste, e capitel.

**CÓNCAVO.-** Forma que presente a superficie curva cara o interior.

**CONVEXO.-** Estructura que mostra a superficie curva cara o exterior.

**CUADRANGULAR.-** De catro ángulos.

**CUADRILÁTERO.-** Polígono de catro lados.

**CÚBICO.-** Poliedro regular formado por seis caras cadradas.

**CRUZ.-** Figura formada por dúas liñas, que se atravesa perpendicularmente, e calquera obxecto ou figura con esa forma. Parte superior do cruceiro, situada por riba do capitel.

### **ALGÚNS TIPOS DE CRUZ:**

1. CRUZ FLORENZADA. A que ten os seus remates abertos de xeito curvilíneo.
2. CRUZ GREGA. A de brazos iguais.
3. CRUZ LANCELOLADA. A que tgen os seus remates en forma de ferro de lanza.

4. CRUZ LATINA. A que ten maior o brazo vertical.
5. CRUZ LISA. Cruz desprovista de imaxes.
6. CRUZ TREVOADA. A que ten os seus remates en forma de trevo.

**ESTRÍAS.-** Marca lineal pouco profunda.

**FUSTE.-** Parte da columna, situada entre a base e o capitel.

**MERLÓN.-** Cada un dos dentes en forma de prisma, que coroa un muro ameado..

**MOLDURA.-** Elemento corrido, que se colca sobre unha superficie para decorala e que se clasifica segundo o seu perfil, sendo normalmente de pouca anchura.

**- TIPOS DE MOLDURAS:**

- FILETE OU LISTEL.- De sección cadrada ou rectangular.
- O BOCEL OU TORO.- Semicirculo convexo; se é moi pequeno chámase baquetón.
- O CUARTO BOCEL.- Cuarto de círculo convexo.
- A MEDIA CANA.- Semicirculo cóncavo.
- A ESCOCIA.- Moldura cóncava, continua, composta de dúas curvas de distinto radio.
- O CAVETO OU NACELA. – De cuarto de círculo cóncavo.
- A GOLA.- A unión dun caveto e un cuarto bocel, sendo a parte máis sainte o caveto.
- O TALÓN.- A unión dun caveto e un cuarto bocel chámase talón, sendo a parte máis sainte o cuarto bocel.

**MOLDURADO.-** Que presenta molduras.

**MONOLÍTICO.-** Monumento de pedra dunha soa peza.

**OCTOGONAL.-** De oito ángulos.

**PARALELOGRAMO.-** Cuadrilátero cos lados opostos paralelos entre si.

**PARALELEPÍPEDO.-** Corpo xeométrico limitado por seis paralelogramos sendos os opostos iguais entre si

**PEAÑA.-** Base ou apoio para colocar por riba unha figura.

**PIRÁMIDE.-** Poliedro de base poligonal e caras laterais triangulares.

**POLICROMÍA.-** Arte de pintar en varias cores.

**POLIEDRO.-** Corpo xeométrico limitado por varias caras chás.

**POLÍGONO.-** Superficie chá limitada por varios lados, que nas súas interseccións forman ángulos.

**PRISMA.-** Poliedro de dúas caras iguais e paralelas e no que as caras laterais son

paralelogramos.

**REBAIXADO.-** Biselado, cortado no bordo.

**RELEVO.-** Forma escultórica, que sobresa dunha superficie.

**REVERSO.-** Cara oposta ao anverso. Cara posterior da cruz.

**ROEL.-** Peza decorativa redonda en forma de moeda.

**SECCIÓN.-** Corte ou liña divisoria.

**SUPEDÁNEO.-** Especie de peaña sobre a que se apoian algunhas efixies.

**TRONCOPIRAMIDAL.-** Relativo á parte da píramide, que se obtén facendo un corte por un lado paralelo á base e eliminando o vértice.

**VOLUTA.-** Adorno en forma de espiral.

## ***IX. BIBLIOGRAFÍA SOBRE OS CRUCEIROS DA TERRA CHÁ.***

ARRIBAS ARIAS, Fernando e BLANCO PRADO, José Manuel. *Catálogo de Cruceiros da Terra Chá. Cruceiros de Castro de Rei e Outeiro de Rei.* Cadernos do Seminario de Sargadelos nº 76, Sada (A Coruña): Ed. do Castro, 1998.

ARRIBAS ARIAS, Fernando e BLANCO PRADO, José Manuel. *Catálogo de Cruceiros da Terra Chá. Cruceiros de Guitiriz.* Cadernos do Seminario de Sargadelos nº 81, Sada (A Coruña): Ed. do Castro, 1999.

ARRIBAS ARIAS, Fernando e BLANCO PRADO, José Manuel. *Catálogo de Cruceiros da Terra Chá. Cruceiros de Begonte, Cospeito e Rábade.* Cadernos do Seminario de Sargadelos nº 87, Sada (A Coruña): Ed. do Castro, 2000.

ARRIBAS ARIAS, Fernando e BLANCO PRADO, José Manuel. “Os Cruceiros da Terra Chá. Algunhas tipoloxías dos cruceiros de Castro de Rei”, en *El Legado Cultural de la Iglesia mindoniense.* I Congreso do Patrimonio da Diócese de Mondoñedo, 2000, páxs. 497-506.

ARRIBAS ARIAS, Fernando e BLANCO PRADO, José Manuel. “Algunhas tipoloxías dos cruceiros de Guitiriz”, en *Os Canteiros*. Actas das xornadas celebradas en Parga (Guitiriz), 2000, páxs. 31-41.

ARRIBAS ARIAS, Fernando., BLANCO PRADO, José Manuel e SAAVEDRA, Mario. *Catálogo de Cruceiros da Terra Chá. Cruceiros, Cristo e Cruces da Pastoriza*. Cadernos do Seminario de Sargadelos nº 92 , Sada (A Coruña): Ed. do Castro, 2002.

ARRIBAS ARIAS, Fernando e BLANCO PRADO, José Manuel. “Os Cruceiros da Terra Chá. Algunhas tipoloxías dos cruceiros de Cospeito”, en *Caderno de Estudios Chairegos*, nº 1, 2002, páxs. 99-117.

ARRIBAS ARIAS, Fernando., BLANCO PRADO, José Manuel.. *Catálogo de Cruceiros da Terra Chá. Cruceiros, Cristo e Cruces de Xermade*. Cadernos do Seminario de Sargadelos nº 94 , Sada (A Coruña): Ed. do Castro, 2004.

ARRIBAS ARIAS, Fernando , BLANCO PRADO, José Manuel e SAAVEDRA PÉREZ, Mario. “ Os Cruceiros da Terra Chá. Algunhas tipoloxías dos cruceiros de A Pastoriza”, en *Caderno de Estudios Chairegos*, nº 2, 2004, páxs. 123-146.

ARRIBAS ARIAS, Fernando., CUBA RODRÍGUEZ, Xoán Ramiro, e REIGOSA CARREIRAS, Antonio “Cruces, cruceiros, ermidas e capelas da bisbarra chairega (I)”, en *El Progreso, diario de Lugo*, 20-8-1987.

ARRIBAS ARIAS, Fernando., CUBA RODRÍGUEZ, Xoán Ramiro, e REIGOSA CARREIRAS, Antonio “Cruces, cruceiros, ermidas e capelas da bisbarra chairega (II)”, en *El Progreso, diario de Lugo*, 20-8-1987, páx. 7.

BLANCO PRADO, José Manuel e RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, Manuel. *Cruces y Cruceiros del Municipio de Begonte*. Lugo: Servicio de Publicaciones de la Diputación Provincial, 1988.

BLANCO PRADO, José Manuel. *Religiosidad popular en el Municipio de Begonte*. Lugo: Servicio de Publicaciones de la Diputación Provincial, 1990.

BLANCO PRADO, José Manuel. *Exvotos e rituais nos santuarios lucenses*. Lugo: Servicio de Publicaciones de la Diputación Provincial, 1996.

GONZÁLEZ REBOREDO, X.M. e outros. *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*. Madrid: Servicio Nacional de Información Artística, Arqueológica y Etnológica, Ts. I-VI, 1975-1983.

LAREDO VERDEJO, J.M. *Os Nosos Cruceiros*. A Coruña: Ed. Boreal-Xuntanza, 1993.

RODRÍGUEZ CASTELAO, A. *As cruces de pedra na Galiza*. Madrid: Akal, 1975. Ed. facsímil da que se levou a cabo en B. Aires en 1049.

TRAPERO PARDO, J. “ Os cruceiros”, en *Lucus*, Boletín Informativo da Deputación Provincial de Lugo, nº 27, 1974, páxs. 25-40.

NOTA.- Os mapas de localización do concello de Guitiriz foron realizados polo delineante *José Cancio Fernández*, e as fotos dos cruceiros foron realizadas por *Fernando Arribas Arias, e José Manuel Blanco Prado (fotos núms. 12,15,18,19,21,22,23,24,25,26,27)*.

## ***X. ILUSTRACIONES.***





***FOTO Nº 1. CRUCEIRO DE XESTOSELO (BURIZ)***



*FOTO Nº 2. CRUCEIRO DA FÍRVEDA (SAN XOÁN DE LAGOSTELLE)*





**FOTO Nº 3. CRUCEIRO DE CERCEDO (SAN ESTEBO DE PARGA)**



*FOTO Nº 4. CRUCEIRO DE BECÍN (BECÍN)*





***FOTO Nº5. CALVARIO DA GRAÑA (BURIZ)***



*FOTO Nº 6. CRUCEIRO DA GRAÑA (BURIZ)*





*FOTO Nº 7. CRUCEIRO DA LOBA (LABRADA)*



**FOTO Nº8 . CRUCEIRO DO MALLO (II) (LABRADA)**





*FOTO Nº 9. CRUCEIRO DE SAA (LABRADA)*





***FOTO Nº 10. CRUCEIRO DE SANTA MARIÑA (SANTA MARIA DE LAGOSTELLE)***



**FOTO Nº11. CRUCEIRO DO INTERIOR DA IGREXA (MARIZ)**





***FOTO Nº 12. CRUCEIRO DO SAN ALBERTE (SAN BREIXO DE PARGA***





***FOTO N° 13. CALVARIO DE SANTA CRUZ DE PARGA***



***FOTO Nº 14. CRUCEIRO DE SAN SALVADOR DE PARGA***





***FOTO Nº15. CRUCEIRO DE FERREIRA (PÍGARA)***



***FOTO Nº 16. CRUCEIRO DA IGREJA TRANSPARGA)***





***FOTO Nº 17. CRUCEIRO DA IGREXA (VILAR)***



***FOTO Nº 18. CRUCEIRO DO ADRO DA IGREXA (OS VILARES)***





***FOTO Nº 19. CRUCEIRO DO PAZO (OS VILARES)***



***FOTO Nº 20. CALVARIO DOS VILARES ( OS VILARES)***





**FOTO Nº 21. CALVARIO DOS VILARES. CRUCEIRO LATERAL ESQUERDO**



*FOTO Nº 22. CALVARIO DOS VILARES. CRUCEIRO LATERAL ESQUERDO*





*FOTO Nº 23. CALVARIO DOS VILARES. DETALLE CRUCEIRO CENTRAL*



*FOTO Nº 24. CRUCEIRO DO PAZO (OS VILARES)*





*FOTO Nº 25. CRUCEIRO DO SAN ALBERTE. DETALLE.*





**FOTO Nº 26. CALVARIO DOS VILARES. CRUCEIRO LATERAL DEREITO**





*FOTO Nº 27. CALVARIO DOS VILARES*